



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: INSTRUCCIÓN URBANISMO SOBRE AS CONDICIÓNS QUE REXERÁN A AUTORIZACIÓNS PARA O USO TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FERIAIS E POSTOS E SIMILARES CON MOTIVO DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE NO CONCELLO DE BETANZOS

EXPEDIENTE: 2025/G003/001294

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A presente instrución regula a autorización para a utilización ou aproveitamento especial do dominio público, mediante instalación temporal de postos de feira e atraccións feriais, con motivo das festas patronais de San Roque no Concello de Betanzos

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].
- O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.
- Os artigos 75 a 91 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 86.2 e 92 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Obxecto

A presente instrución regula a autorización para a utilización ou aproveitamento especial do dominio público, mediante instalación temporal de postos de feira e atraccións feriais, con motivo das festas patronais de San Roque no Concello de Betanzos.

A licenza ou autorización do dominio público, otorgarase en función das seguintes bases e demais normas urbanísticas vixentes no concello de Betanzos

O outorgamento da licenza para esta convocatoria non orixina nin presupón dereito preferente, nin de ningunha outra natureza, para a obtención de autorización, licencias ou concesións futuras.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

En canto as tarifas abonarase o que sinala a Ordenanza fiscal correspondente.

SEGUNDA. Participantes, períodos e lugares de ocupación

Poderán solicitar a ocupación tanto as persoas físicas ou xurídicas que presenten a correspondente solicitude de participación (solicitude xeral) no rexistro xeral do Concello de Betanzos, cunha antelación mínima dun mes ao inicio das festas (e en calquera caso antes do 15 xullo de 2025)

Na solicitude de participación débese especificar obrigatoriamente o tipo de negocio ou actividade a instalar, fotografía do posto/atracción e medidas do mesmo. Non se admitirán solicitudes enviadas a través de correo electrónico, fax ou outro medio que non sexa a solicitude xeral deste concello con rexistro de entrada.

Coa presentación da solicitude, presumese a aceptación das seguintes normas, así como os requisitos e obrigas que conteñen as mesmas.

Unha vez os servizos técnicos municipais teñan revisado as solicitudes de participación en función dos criterios establecidos notificarase a os solicitantes a aceptación ou denegación da solicitude.

No caso de non recibir resposta entenderase como denegada.

Os admitidos disporán dun prazo máximo de 5 días para presentar toda a documentación esixida pola lexislación a través da sede electrónica do Concello de Betanzos e proceder o pago da taxa. Se neste período non se houbese presentado a documentación requirida, logo da tramitación oportuna, perderase o dereito a instalación do posto e convocarase a un novo participante.

Cando a instalación dunha atracción ou posto implique trasladarse cunha caravana débese solicitar nunha solicitude separada facendo constar o tipo de vehículo e matrícula do mesmo e instalaranse no espazo designado polo Concello. Na solicitude farase constar os metros cadrados a ocupar. As caravanas autorizadas deben mostrar a autorización nun espazo visible para os corpos de seguridade.

No momento da comunicación da aceptación do posto informarase tamén da ubicación correspondente.

O Concello de Betanzos asignará os espazos atendendo a criterios técnicos e de dispoñibilidade. O concello deseñará a configuración dos espazos onde poderán situarse por tipo de posto.

Documentación a presentar:

- Declaración responsable de actividades recreativas e espéctáculos públicos. No caso de actuar en representación, copia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia do poder para representalo. No caso de presentación online será suficiente co certificado electrónico de representación (dispoñible na Sede electrónica do concello).
- Xustificante da taxa correspondente.
- Proxecto ou documentación técnica descritiva da actividade recreativa segundo a natureza da actividade, asinado por un técnico/a competente.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante do recibo de pago da prima do ano en curso.
- Designación de responsable técnico/a da execución do proxecto ou montaxe da instalación que debe expedir a certificación que acredite a adecuación da actividade aos requisitos esixibles.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Mercado CE e declaración CE de conformidade das instalacións e certificado de instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do espazo público no que se instalará a actividade.
- Calquera outra documentación que sexa solicitada polos técnicos municipais.

As zonas de montaxe serán delimitadas polos servizos técnicos municipais, ubicando estas na Praza García Irmáns e Parcela do Carregal e Alameda segundo corresponda. A zona asignada será comunicada ó solicitante no momento da aceptación da solicitude de instalación.

TERCEIRO. Criterios de adxudicación dos postos

Cando as solicitudes sexan superiores as parcelas ofertadas, a adxudicación das mesmas levarase a cabo seguindo os seguintes criterios:

- a. Non duplicidade da actividade nas festas, en caso de haber mais dunha solicitude para a mesma actividade atenderase os criterios que seguen.
- b. Antigüidade na participación nas festas durante os últimos 5 anos, para isto acreditarase mediante a presentación da carta de pago correspondente ou certificado de pago emitido pola tesourería municipal.
- c. Novidade do posto/atracción. Terán preferencia os postos que teñan un obxecto distinto os que xa teñan sido adxudicados para con isto dar maior diversidade os servizos prestados. En caso de que fosen varios os postos que cumpran con estas condicións resolverase por sorteo.
- d. Non ter ou ter tido sanción ou apercibimento algún por calquera tipo de incumprimento neste municipio.
- e. Estética e mantemento da atracción.
- f. Se aínda despois de establecerse os criterios anteriores resultase mais de un posto da mesma actividade ou características a elección do mesmo farase por sorteo.
- g. O concello de Betanzos celebrará durante dúas tardes que serán comunicadas os adxudicatarios, os días do neno/a o que implicará a aceptación de que nestes días e en horario de 18:00 a 20:00 horas as atraccións ofrecerán unha redución nos abonos ou entradas dun 50% no prezo.

CUARTO. Vixencia das licencias

O prazo de vixencia da autorización para a instalación dos postos, será durante as festas, engadíndose dous días previos e dous posteriores para montaxe e desmontaxe no caso das atraccións de feira, e un día previo e un posterior no caso de chiringuitos de comida e bebida ou artesanía.

Os adxudicatarios para o efecto, están obrigados a cumprir o período e horarios establecidos nas presentes bases.

QUINTA. Condición técnicas relativas a instalación dos postos

- a) a superficie que se vai ocupar para cada posto será a que sinale a licencia.
- b) as licencias serán individualizadas e intransferibles, outorgadas exclusivamente ao solicitante.
- c) no posto exercerase a actividade que se encontra determinado na autorización con base na solicitude e documentación achegada, debendo ser exercida polo titular dela, en caso contrario, retiraranse os permisos autorizados.
- d) homologación de grupos electrógenos.
- e) proxecto de baixa tensión redactado por profesional competente e con base na lexislación vixente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- f) Instalación activa e pasiva de elementos de protección contra incendios con base na regulamentación vixente que lle sexa de aplicación.
- g) a montaxe dos postos e atraccións será dous días previos e dous posteriores para montaxe e desmontaxe no caso de atraccións de feira, e un día previo e un posterior en caso de chiringuitos de comida e bebida. De non facelo, salvo causa de forza maior ou causa debidamente xustificada, renuncia a ela.
- h) o concello reserva para si o dereito de revogar a autorización por motivos de orde pública razón de interese público ou incumprimento destas bases.
- i) está prohibido a ancoraxe de postos ao pavimento, enganches de luz non autorizados e no caso de a destrución ou deterioración do dominio público estará obrigado o solicitante ó reintegro do custo total.
- l) o lugar deberase manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene, quedando totalmente prohibido calquera tipo de vertedura no espazo público asignado.

En relación á venda:

Os vendedores deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil coa normativa vixente en materia de exercicio do comercio e da disciplina de mercado, así como, responder dos produtos que venda, de acordo todo isto co establecido polas leis e demais disposicións vixentes.

Os adxudicatarios teñen a obriga de expender todas as consumicións en recipientes reciclables quedando expresamente prohibido a expedición de vasos ou botellas de vidro 5.3 de acordo coa Lei 5/2002 queda terminantemente prohibida a venda, despacho e subministración gratuíto ou non de bebidas alcolicas ós menores.

En relación aos postos:

- Non se poderán instalar outros postos distintos aos solicitados, nin actividade diferente á solicitada
- O adxudicatario deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral e de Prevención de Riscos laborais respecto das persoas que traballan ás súas ordes, así como as obrigas sanitarias que esixa a normativa.
- Todos os traballadores dos postos en que se leve a cabo a venda e manipulación de comidas han de dispoñer do correspondente Carnet de manipulador de Alimentos.
- Ter concertado un seguro de responsabilidade civil xeral que cubra os riscos derivados da actividade.
- Os titulares dos postos teñen a obriga de manter limpas as zonas ocupadas, unha vez remate a xornada e dispoñer de recipientes de lixo á disposición dos clientes Tamén están obrigados a dispoñer dunha lista de prezos, en sitio visible para as súas clientes para cumprir coa normativa vixentes.
- Os chiringuitos e postos de feira que obtivesen autorización deberán estar abertos durante todo o período de tempo que duren as festas, o incumprimento será tipificado como falta.
- A correspondente autorización, queda condicionada á aceptación polo solicitante de estas bases e á declaración expresa na que se manifeste coñecer as normas a as que se debe axustar a súa actividade, segundo a normativa vixente da súa correspondente materia e o seu compromiso de aceptalas, debendo asinar a correspondente declaración responsable destas normas.

Utilización de alt falantes e horarios de peche



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O altosfalantes instalados nos postos, así como a música das atraccións so poderá emitir música cuxo nivel de son non exceda 85DBA, no podendo exceder de 65DBA a partir das 22 horas e medidos dende unha distancia máxima de 5 metros, para elo o concello poderá realizar as correspondentes comprobacións.

Os postos situados nas proximidades do escenario, non poderán utilizar altosfalantes cando teñan lugar actividades realizadas por artistas ou orquestras, concursos, festivais, actos relixiosos e demais actos programados pola concellería de Festas.

Os postos han de cesar a súa actividade como máximo as 2:30 horas da madrugada.

*en atención á diversidade e promoción da saúde, todos os días de duración das festas, as atraccións que estean en funcionamento apagarán a súa música entre as 19:00 e as 20:00 horas

O incumprimento destas limitacións, previo apercibimento, suporá o precinto do posto, sen prexuízo da revogación da autorización e sen dereito a ningún tipo de indemnización por elo.

SEXTA. Extinción e revocación da autorización

O incumprimento de calquera de estas condición particulares ou xerais das licencias segundo as presentes bases, determinará a revogación da licencia sin dereito a indemnización, todo elo sen prexuízo das sancións correspondentes que pudieran imponerse por procedemento sancionador, así como o precinto polos axentes policiais do posto e incluso a retirada da vía pública

SÉTIMA. Réxime sancionador

Os procedementos sancionadores tramitaranse conforme o que dispón a Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común e o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, aprobado polo RD 429/1993, de 26 de marzo. Para as sancións de carácter leve estarase o que sinalan os art. 23 y 24 de RD 1398/1994, de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da actividade sancionadora.

Para a determinación da contía das multas atenderase a transcendencia e efectos perturbadores do acto, grado de culpabilidade e conduta reincidente do infractor e demais circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran, os cales serán valorados polo Departamento de Réxime Sancionador no correspondente informe

As faltas poderán ser leves, graves ou moi graves.

Faltas moi graves:

- a desobediencia reiterada respecto de las ordes do concello, relativas a orde e a forma de prestación da actividade.
- a reiteración na realización dunha falta grave.
- a venda de produtos en deficientes condicións.
- a realización de calquera acción ou omisión que con motivo da actividade desenrolada constitúa unha falta ou delito penal sancionado por sentenza firme.
- o incumprimento reiterado dos requirimentos específicos en materia administrativa que formule o concello
- a negativa absoluta a facilitar información ou prestar colaboración os servizos de control e inspección, sexan sanitarios o por persoal do concello.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- as que en razón do grado de concorrencia merezan a cualificación de moi graves.

Faltas graves:

- a reiteración na realización dunha falta leve.
- a instalación do posto sen os permisos e autorizacións pertinentes.
- a falla de pago da taxa municipal fixada.
- a resistencia a subministrar datos, facilitar información ou prestar colaboración as autoridades.
- a desobediencia respecto as ordes do concello relativas á orde e a forma de prestación da actividade.
- as que non merezan la cualificación de faltas leves ou moi graves.

Faltas leves:

- a venda de produtos non autorizados pola licencia.
- a falla de ornato ou limpeza.
- o incumprimento do horario.
- as cometidas por negligencia, sempre que a alteración ou risco sanitario producido foran de escasa entidade.
- calquera outra transgresión das presentes bases que mereza a cualificación de leve ou non proceda a súa cualificación como grave o moi grave.

Contía das sancións

as faltas indicadas no capítulo anterior, serán obxecto de imposición das seguintes penalizacións, de acordo coa graduación seguinte:

- falta leve: de 100 a 300 euros
- falta grave: de 301 a 600 euros
- falta moi grave: de 601 a 2000 euros

Se las faltas superpoñerán agravio, detrimento, deterioro ou destrozo de calquera ben de la vía pública, sumado a la sanción, deberá abonar los gastos de rehabilitación o arranxo do destrozo

OITAVA. Responsabilidade civil

A imposición de calquera sanción prevista nestas bases non exclúe a responsabilidade civil e a eventual indemnización de danos e prexuízos que poida corresponder o sancionado conforme o Código Civil.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte instrución SOBRE AS CONDICIÓNNS QUE REXERÁN A AUTORIZACIÓNNS PARA O USO TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNNS FERIAIS E POSTOS E SIMILARES CON MOTIVO DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE NO CONCELLO DE BETANZOS.

SEGUNDO. Dar a publicidade oportuna ao seguinte acordo no portal de transparencia municipal e comunicalo aos distintos departamentos aos efectos oportunos.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).